



CAMPAMENTOS | 2022



O VERÁN QUE QUERES CONTAR



XUNTA
DE GALICIA

EDITA:

Xunta de Galicia

Consellería de Política Social
Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado
2022

DESEÑO E MAQUETACIÓN:

Pablo Gulín Díaz | Empapelarte

CONTIDO

• INTRODUCCIÓN	5
• CAMPAMENTOS	7
• Que inclúe o campamento?	7
• Incorporacións ao campamento	8
• Quen pode solicitar a praza	8
• Como presentar a solicitude	10
• Adxudicación de praza	13
• Documentación tras a adxudicación de praza	14
• Adxudicación de prazas ás listas de agarda	15
• Adxudicación de prazas de resultados	15
• Obrigas das persoas beneficiadas	16
• Prezos	16
• Devolución de cotas	17
• Máis información	17
• CAMPAMENTOS EN GALICIA	18
• PRAZAS RESERVADAS PARA INCLUSIÓN	19
• A Coruña	20
• Lugo	26
• Ourense	32
• Pontevedra	36
• PRAZAS RESERVADAS PARA INCLUSIÓN	41
• INTERCAMBIOS BILATERAIS CON OUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS	43
• Araba	44
• Estremadura	45
• Castela e León	45
• A Rioja	46

O VERÁN QUE QUERES CONTAR

DOS 9 AOS 17 ANOS



VEN DE BALDE AO CAMPAMENTO

Que tes pensado facer estas vacacións? Queres asistir aos campamentos de verán da Xunta de Galicia? E que che saia de balde? Só tes que presentar a túa solicitude de participación no sorteo das prazas por vía electrónica, **na sede electrónica, no enderezo:**



<https://sede.xunta.gal>

Entre os/as que vos animedes, e sempre que resultedes adxudicatarios/as dunha praza nalgún dos campamentos, sortearemos **100 PRAZAS DE BALDE**.

SORTE!!

INTRODUCCIÓN


A Xunta de Galicia ofrece a posibilidade de que a xuventude galega empregue o seu tempo libre estival participando en actividades de educación non formal de carácter lúdico, cultural, deportivo, formativo, etc. Para iso, cada ano preséntase a Campaña de Verán, unha iniciativa ambiciosa que non só é unha actividade de ocio para os mozos e mozas galegos, senón que tamén é un **recurso de conciliación da vida familiar e laboral**.

Baixo o lema **O verán que queres contar**, a Campaña de Verán de 2022 da Xunta de Galicia recupera a normalidade tras a Covid-19 e oferta, durante os meses de xullo, agosto e setembro, as seguintes accións:

- Campamentos en Galicia.
- Campos de voluntariado en Galicia, noutras comunidades autónomas e no estranxeiro.
- Programas de intercambios bilaterais con outras comunidades autónomas.
- Minicampamentos “Coñece Galicia”, de 5 días de duración.
- Uso de instalacións xuvenís por parte de entidades.

A información que se inclúe neste folleto fai referencia ás quendas dos campamentos que se realizarán en Galicia e ao programa de intercambios bilaterais con outras comunidades autónomas, regulados a través da *Orde pola que se regula a oferta de prazas xuvenís dentro do programa Campaña de verán 2022 e se procede á súa convocatoria*. A información está dispoñible na páxina web:

<http://xuventude.xunta.es>



MEDIDAS DE PREVENCIÓN E ADAPTACIÓN DAS ACTIVIDADES Á COVID-19

Como xa ocorreu nas campañas precedentes, a Campaña de Verán da Xunta de Galicia realizarase baixo as medidas de prevención e seguridade que sexan precisas, e tendo presente tamén o actual escenario tras a aprobación do Real Decreto 286/2022, do 19 de abril.

As **persoas proxenitoras ou titoras** do neno/a participante que obteña praza nalgún campamento recibirán unha información detallada sobre as medidas específicas que se poñerán en marcha, de ser o caso. Así mesmo, deberán cubrir unha declaración responsable sobre a Covid-19 que estará dispoñible na páxina web xuventude.xunta.es.

APOSTA POLA INCLUSIÓN

Así mesmo, e co obxectivo de que a inclusión social sexa unha realidade ao tempo que se favorece a interacción e a convivencia entre toda a mocidade, as persoas mozas galegas con discapacidade poden decidir sobre a modalidade de participación á que desexan optar: polo **procedemento xeral** ou polo **procedemento das prazas reservadas de inclusión**.

Cómpre lembrar que tamén existe a posibilidade de optar pola convocatoria de **campamentos específicos para persoas con discapacidade** da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, cuxa información se pode consultar en

<https://politicassocial.xunta.gal/>



CAMPAMENTOS

A Xunta de Galicia pon á disposición dos mozos e mozas galegos **un total de 36 instalacións xuvenís en Galicia -dúas delas novas neste 2022-** durante a época estival para levar a cabo as diferentes actividades de ocio e tempo libre.

Así mesmo, e dentro dos programas de intercambios bilaterais, tamén se ofrece a posibilidade de que a xuventude galega coñeza a realidade social e cultural doutras comunidades autónomas. Este ano realizaranse intercambios con Álava-Araba, Castela e León, Estremadura e A Rioxa.

QUE INCLÚE O CAMPAMENTO?

A participación na Campaña de verán 2022 realizarase mediante inscrición individual ou múltiple (para persoas irmás). As persoas participantes disporán dos seguintes servizos:

- Un programa de actividades de carácter sociocultural, recreativo, formativo e convivencial, que posibilite a participación da persoa moza.
- O aloxamento nun albergue xuvenil, nunha residencia ou nun campamento xuvenil.
- A manutención en réxime de pensión completa.
- O material necesario para a actividade.
- Un equipo técnico de persoal especializado en animación sociocultural e actividades de tempo libre e actividades náuticas, de ser o caso. Así mesmo, e para o caso das persoas con necesidades especiais por razón da súa discapacidade, disporase de persoal de apoio que conte con formación e experiencia para atender as súas necesidades.
- Atención sanitaria de primeiros auxilios e seguro de accidentes.
- No caso dos intercambios con outras comunidades autónomas: o transporte desde Santiago de Compostela ata o lugar de destino, así como o retorno ata Santiago de Compostela.

Equipamento persoal necesario

As persoas mozas que participen nestas actividades deberán levar útiles de aseo persoal, roupa axeitada (usada e cómoda), roupa de abrigo e chuvia, luvas, roupa deportiva, calzado forte e cómodo, sombreiro ou gorra, roupa de baño (traxe de baño, toalla, gorro de piscina, protector solar), calzado deportivo e aquel outro equipamento que se indique nas cartas informativas de cada campamento.

As **cartas informativas de cada campamento** estarán dispoñibles na páxina web de Xuventude <http://xuventude.xunta.es>.

INCORPORACIÓN AOS CAMPAMENTOS

A **incorporación e a recollida nas actividades en Galicia** será por conta da persoa interesada, nos termos que indique a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado e de conformidade coas medidas de prevención indicadas polas autoridades sanitarias sobre a Covid-19, de ser o caso. En todo caso, esta incorporación farase de xeito graduado para evitar aglomeracións puntuais.

No caso de **intercambio para actividades noutras comunidades autónomas**, será por conta da persoa interesada o traslado desde o seu domicilio ata Santiago de Compostela tanto o día de ida para a actividade como o día de regreso desta.

QUEN PODE SOLICITAR PRAZA

Poden solicitar praza nas actividades ofertadas as persoas mozas residentes en Galicia.

Para ser admitido no campamento será necesario non padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio. Para os campamentos que inclúan na súa programación actividades acuáticas é requisito saber nadar, sen prexuízo do sinalado para as persoas con discapacidade.

Ningunha persoa participante poderá ser admitida en máis dun campamento por ano. A praza adxudicada será intransferible.

IDADES

Poden solicitar a participación nas actividades ofertadas as persoas nadas no ano sinalado para cada actividade no anexo I da orde reguladora.

En canto ás idades mínima e máxima para participar na Campaña de verán 2022, cómpre destacar:

- As persoas nadas no ano **2013 deberán ter feitos os 9 anos no momento do inicio do campamento.**
- As persoas nadas no ano **2004 non poderán facer os 18 anos antes da finalización do campamento.**

PERSOAS CON DISCAPACIDADE

As persoas que teñan unha discapacidade **igual ou superior ao 33%** deberán facer constar esta circunstancia no formulario de solicitude, co fin de planificar os apoios persoais necesarios, se os precisase.


Para facilitar a selección das actividades e instalacións máis axeitas ás condicións das persoas solicitantes, a programación de actividades e as características das instalacións de cada campamento poderanse consultar na web de xuventude (<http://xuventude.xunta.es>).

En función do tipo de discapacidade poderá exceptuarse, de ser o caso, o requisito de saber nadar.

As persoas con discapacidade deben optar, de conformidade co sinalado no apartado “Como presentar a solicitude”, por unha destas dúas vías: polo **procedemento xeral** ou polo **procedemento das prazas reservadas para inclusión**. Quedarán excluídas no suposto de que presenten a solicitude por ambos os procedementos.

MENORES EN SITUACIÓN DE TUTELA OU GARDA ADMINISTRATIVA

As persoas menores en situación de tutela ou garda pola Administración, e que se atopen en acollemento residencial, poderán participar nesta convocatoria. Deberán indicar esta condición no anexo de solicitude, marcando o recadro correspondente.



COMO PRESENTAR A SOLICITUDE

TIPOS DE SOLICITUDE

A solicitude pode ser individual ou múltiple.



INDIVIDUAL

Procedemento xeral:

As persoas que presenten unha solicitude individual de prazas deben utilizar o formulario que se incorpora como **anexo II** da orde de convocatoria, correspondente ao procedemento xeral (procedemento BS303A).

As persoas con discapacidade que presenten a súa solicitude individual a través do procedemento xeral poderán elixir as actividades detalladas no **Anexo I A** da orde (campamentos que se desenvolven en Galicia), excluíndose, porén, os intercambios para actividades noutras comunidades autónomas relacionados no Anexo C.

Procedemento de prazas reservadas para inclusión de persoas con discapacidade:

As persoas con discapacidade que opten polo procedemento das prazas reservadas para inclusión, relacionadas no **anexo I B** da orde, deben utilizar o formulario que se incorpora como **anexo IV** (procedemento BS303G).



MÚLTIPLE

Poderá presentarse unha solicitude múltiple para o suposto de dous/dúas, tres e ata catro irmáns/ás. Poden incluírse na solicitude as persoas menores que convivan no domicilio en situación de acollemento familiar, equiparándose a súa situación a de persoas irmás.

Esta solicitude múltiple só se poderá empregar no caso de persoas que pidan idéntica instalación, quenda e actividade (mesmo código). Todas as persoas interesadas que figuren nunha mesma solicitude deben cumprir os requisitos de idade esixidos para as instalacións e quendas solicitadas.

Cando se trate dunha persoa sen discapacidade que teña irmáns/ás con discapacidade e queiran presentar unha solicitude conxunta, só o poderán facer polo procedemento xeral, para as actividades do anexo I A da orde, e en ningún caso unha persoa sen discapacidade poderá ocupar unha praza das reservadas para inclusión.

O incumprimento por unha das persoas participantes suporá a exclusión de todas as que figuren nesa mesma solicitude.

Procedemento xeral:

As persoas que presenten unha solicitude múltiple deben empregar o formulario que se incorpora como **anexo III** da orde da convocatoria, correspondente ao procedemento xeral (procedemento BS303F).

As persoas con discapacidade que presenten a súa solicitude múltiple a través do procedemento xeral poderán elixir as actividades detalladas no **Anexo I A** da orde (campamentos que se desenvolven en Galicia, excluíndose, así e todo, os intercambios para actividades noutras comunidades autónomas relacionados no Anexo C).

Procedemento de prazas reservadas para inclusión de persoas con discapacidade:

As persoas con discapacidade que opten polo procedemento das prazas reservadas para inclusión, relacionadas no **anexo I B** da orde, deben utilizar o formulario que se incorpora como **anexo V** (procedemento BS303H).

COMO CUBRIR A SOLICITUDE

- Cada persoa moza só pode cubrir unha solicitude e elixirá, por orde de prioridade, un máximo de cinco quendas ou actividades. Cada quenda ou actividade vai identificada cun código no **anexo I** (as liñas A, B) da orde reguladora.
- Os datos da persoa solicitante deben ser os do mozo/a que opta a participar nas actividades. No caso das solicitudes múltiples, deberanse cubrir os datos de todos os irmáns ou irmás que solicitan a súa participación (ata un máximo de catro).
- As solicitudes deberanas **asinar as persoas proxenitoras ou titoras** das menores solicitantes.
- As persoas solicitantes deben **residir na Comunidade Autónoma de Galicia** e, porén, o enderezo que se inclúa na solicitude deberá ser, necesariamente, nalgún concello de Galicia.
- A **duplicidade** dunha solicitude dará lugar á non admisión de ambas, polo que a persoa solicitante quedará fóra do sorteo.
- **MOI IMPORTANTE! A persoa interesada deberá comprobar**, na páxina web <http://xuventude.xunta.es/>, **a correcta mecanización da súa solicitude**, co fin de emendar os erros detectados. Nesa páxina aparecerá un enlace para consultar o **número de expediente** asignado á persoa menor solicitante e os datos da solicitude. Para ter acceso a estes deberase incluír o número do DNI da persoa proxenitora ou titora que cubriu a instancia, así como a data de caducidade dese DNI. Se as persoas interesadas detectan algún erro nos datos mecanizados, ou non atopan a solicitude, deben chamar a calquera dos números de teléfono que aparecen no **anexo IX. A comunicación dos erros deberá efectuarse, como data límite, ata tres días hábiles antes do sinalado para a realización do sorteo**. Unha vez transcorrido este prazo non procederá reclamación ningunha.
- A presentación da solicitude implica a aceptación das normas do procedemento.

PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE


As solicitudes presentaranse **preferiblemente por vía electrónica** a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario/a e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>). Cómpre lembrar que a expedición de Chave365 é gratuíta e pode facerse tamén nos 12 Espazos Xoves da Xunta de Galicia.

No caso de enviarse por correo, o envío deberá ser certificado, co selo de Correos na primeira folla do formulario para garantir que a data de remisión é anterior á de peche da convocatoria.

Prazo de presentación:

O prazo de presentación das solicitudes será de **sete (7) días hábiles**, que comezará a contarse a partir do día seguinte ao da publicación da orde reguladora no *Diario Oficial de Galicia*.



ADXUDICACIÓN DE PRAZA

A adxudicación pode ser:

- **Directa**, no caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles.
- **Por sorteo**, por medios informáticos, no suposto de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles. Efectuaranse dous sorteos independentes segundo o procedemento polo que se solicite (o xeral ou o de prazas reservadas para inclusión). O día, hora e lugar de realización do sorteo anunciarase na páxina web de Xuventude, <http://xuventude.xunta.es>.

Mediante este sorteo, cubriranse as prazas nas distintas actividades que especifica o anexo I liñas A, B e C da orde reguladora.

LISTA DE AGARDA

Así mesmo, o sorteo dará lugar a unha lista de agarda para cada unha das actividades. **Incluirase a cada participante unicamente nunha lista de agarda para un campamento concreto**, de entre as cinco quendas ou actividades que solicitou. O número de reservas en cada quenda ou actividade será do 50 % das prazas convocadas. Xerárase a lista tanto no sorteo de prazas do procedemento xeral como no específico de prazas reservadas para inclusión.

O resultado do sorteo, coas listas das persoas admitidas e as listas de agarda, publicárase na páxina web <http://xuventude.xunta.es>.

Nesta publicación e en virtude da normativa de protección de datos persoais, as persoas admitidas virán identificadas exclusivamente polo número de expediente asignado pola aplicación informática de xestión do procedemento. Procederáse do mesmo xeito respecto das persoas incluídas nas listas de agarda.

O número de expediente asignado á persoa menor solicitante poderase consultar na páxina web <http://xuventude.xunta.es/>.

DOCUMENTACIÓN TRAS A ADXUDICACIÓN DE PRAZA

As persoas admitidas deberán dirixir á xefatura territorial da Consellería de Política Social da provincia onde se vai desenvolver a actividade, ou á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado no caso das actividades que se realicen fóra de Galicia, a seguinte documentación. No caso de que o expediente fose tramitado por vía electrónica, esta documentación poderase remitir tamén a través de <https://sede.xunta.gal>:



- Xustificación do pagamento.
- Copia do DNI/NIE da persoa solicitante. Se o/a menor non dispuxese de DNI deberá achegarse a copia da folia correspondente do libro de familia.
- Copia da tarxeta sanitaria ou seguro médico privado.
- Cuestionario de saúde e autonomía persoal e declaración de saber nadar (**anexo VI**). As persoas con discapacidade deben facilitar neste documento a información actualizada que permita valorar os apoios que precisa, de ser o caso.
- Declaración sobre a autorización para a captación de imaxes (**anexo VII**).
- Declaración responsable sobre a Covid-19, conforme ao modelo que se publicará na páxina web xuventude.xunta.es, de ser o caso.

NO CASO DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE, ADEMAIS

- deben presentar o **certificado acreditativo do grao de discapacidade** cando non fose expedido na nosa comunidade autónoma ou se opoñan á súa consulta, e a copia do ditame técnico facultativo emitido polo equipo de valoración e orientación correspondente.

O **prazo para presentar a documentación** é de **cinco (5) días hábiles** e comezará a contarse desde o día seguinte ao da realización do sorteo.

ADXUDICACIÓN DE PRAZAS ÁS LISTAS DE AGARDA

As vacantes que se produzan por non presentar a documentación, por presentala fóra do prazo establecido ou por renunciar á praza obtida no sorteo, seranlles ofrecidas ás persoas solicitantes que figuran nas listas de agarda correspondentes na fase de reservas dos respectivos procedementos (xeral ou de prazas reservadas para inclusión). No caso de que se produzan baixas, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado ou o servizo de xuventude correspondente **contactarán, seguindo a orde da listaxe, coas persoas da lista de agarda, mediante chamada telefónica ao número indicado na solicitude.**

Realizaranse 3 chamadas entre as 9.00 e as 14.00 horas, que serán rexistradas para a constancia da súa realización. De non contactar coa persoa interesada, esta será dada de baixa e chamarase á seguinte na lista de agarda.

Unha vez recibida a comunicación e aceptada a praza ofrecida, **deberán presentar a documentación sinalada no artigo 8 da orde reguladora nun prazo de 2 días hábiles.**

No caso de non presentar a mencionada documentación no prazo indicado, a praza ofreceráselle á seguinte persoa da lista de agarda.

A apertura desta fase publicárase na páxina web de Xuventude, <http://xuventude.xunta.es>.

ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS DE RESULTAS

As prazas vacantes que non se cubren polos procedementos de adxudicación establecidos anteriormente, serán ofertadas na fase de resultas a calquera solicitante que as demande e reúna as condicións e requisitos esixidos nesta orde para participar na convocatoria.

Estas prazas **estarán expostas na páxina web <http://xuventude.xunta.es/>, onde se anunciará a apertura da fase de resultas.** A oferta de prazas actualizarase en tempo real na páxina web, en función das prazas que vaian quedando dispoñibles.

Para solicitar as prazas de resultas a persoa interesada deberá efectuar a oportuna reserva da praza, no caso de que existan vacantes, por medios electrónicos, mediante a presentación dun formulario en liña, conforme se indicará na páxina web xuventude.xunta.es

As prazas de resultas adxudicaranse por orde de recepción da solicitude.

OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

As persoas beneficiarias das prazas están obrigadas a:

- Incorporarse á actividade e a regresar polos medios e nos prazos establecidos.
- Non abandonar a actividade sen o permiso da persoa responsable. En todo caso, o abandono da actividade antes da súa finalización requirirá a comparecencia das persoas proxenitoras ou titoras ou persoa debidamente autorizada por estes/as, e será responsabilidade destes/as o traslado para o regreso ao seu domicilio, así como os gastos que por tal causa se ocasionen.
- Respetar as normas establecidas polos equipos de animación, as normas de réxime interior das respectivas instalacións, as relativas ao cumprimento de medidas persoais de hixiene e prevención fronte á Covid-19 e, en xeral, as establecidas pola lexislación vixente na materia. Poderán ser expulsadas do campamento as persoas participantes que non respecten as citadas normas e cando o seu comportamento dificulte ou impida a convivencia.

PREZOS

Os prezos de aplicación para cada actividade e quenda son os recollidos no anexo I (as liñas A, B e C) da orde reguladora, fixados de acordo co sinalado na Orde pola que se fixan os prezos privados correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á mocidade e xestionados pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

En todo caso, establécense unha serie de **descontos**, que en ningún caso son acumulables:

- **50 %** para membros de **familia** que teñan o título de **numerosa**.
- **50 %** para familias que teñan o certificado de recoñecemento da condición de **familia monoparental** expedido pola Consellería de Política Social.
- **25 %** para as persoas usuarias do **Carné xove**. Para poder aplicar o desconto, a persoa beneficiaria deberá ser titular do carné xove, vixente, no momento de efectuar o pagamento.



DEVOLUCIÓN DE COTAS

Se unha vez obtida a praza por calquera dos procedementos de adxudicación e aboado o prezo correspondente, a persoa interesada non puidese asistir á actividade, só terá dereito á devolución deste, nos casos e polas causas seguintes:

- a. **Renuncia á praza comunicada por escrito** sempre e cando solicite a devolución da cantidade aboada polo menos **sete días hábiles antes do inicio da actividade**. No caso de prazas adxudicadas en fase de reserva ou de resultados e cando non concorran ningunha das outras causas recollidas neste punto, o prazo para comunicar a renuncia e solicitar a devolución da cota será de cinco días hábiles antes do inicio da actividade, e só se admitirá a devolución de cota cando á data de inicio do campamento permita presentar a solicitude de devolución con esta antelación mínima de cinco días hábiles.
- b. **Anulación da actividade** ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.
- c. **Ingreso hospitalario, causa médica grave ou diagnóstico positivo en Covid-19 que afecte á persoa menor** e lle impida incorporarse ao campamento, que deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresado a persoa menor, ou coa certificación do resultado da proba da Covid-19.
- d. **Falecemento ou enfermidade grave dun familiar de ata 2º grao**. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar ou co certificado de defunción, de ser o caso.
- e. **Abandono da actividade** por calquera dos motivos recollidos na letra c), sempre e cando non teña transcorrido máis do 50 por cento dos días de duración do campamento.

Serán denegadas todas aquelas solicitudes de devolución de cota que non sexan presentadas coa antelación mínima sinalada no apartado a), cando non concorran ningunha das causas antes citadas.

Hai un modelo normalizado de solicitude de devolución de cota de participación (anexo VIII da orde), dispoñible no enderezo electrónico: <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>, ou na sede electrónica, no enderezo <https://sede.xunta.gal>.

As solicitudes de devolución de cota dirixíranse á Xefatura Territorial da provincia onde se localice a actividade obxecto da solicitude, para a súa resolución pola persoa titular da Xefatura Territorial. No caso de intercambios noutras comunidades autónomas, a solicitude dirixírase á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado e será resolta pola persoa titular da dirección xeral.


MÁIS INFORMACIÓN

Estamos á disposición da mocidade e familias galegas para resolver as súas dúbidas:

- Na Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, nos teléfonos 881 999 025 / 881 999 194 / 981 545 293
- Nas xefaturas territoriais e nas oficinas locais de Pontevedra e Ferrol da Consellería de Política Social (teléfonos na última folia).
- No Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil de Santiago de Compostela e nos 12 Espazos Xoves da Xunta de Galicia (teléfonos na última folia).
- Na páxina web <http://xuventude.xunta.es>.

Pola súa banda, a información sobre a accesibilidade nas distintas instalacións galegas pódese consultar na páxina web <http://xuventude.xunta.es>, na ficha de cada instalación.

CAMPAMENTOS DE GALICIA



A CORUÑA

1	Albergue Xuvenil Mariña Española (Sada)
2	Albergue Xuvenil Gandarío (Bergondo)
3	Campamento Xuvenil Furelos (Melide)
4	Campamento Xuvenil Virxe de Loreto (Porto do Son)
5	Campamento Xuvenil Espiñeira (Boiro)
6	Escola de Agricultura Ecolóxica Vilasantar (Vilasantar)
7	Granxa Zoo Grixalba (Sobrado dos Monxes)
8	Aldea do Couto (Ponteceso)
9	Centro Superior de Hostelería de Galicia (Santiago de Compostela)
10	Albergue municipal de Cabana de Bergantiños

LUGO

11	Albergue Xuvenil Area (Viveiro)
12	Albergue Xuvenil Benigno Quiroga (Portomarín)
13	Campamento Xuvenil A Devesa (Ribadeo)
14	Campamento Xuvenil Os Chacotes (Palas de Rei)
15	Concello de Carballedo ou limitrofes
16	Albergue municipal de Quiroga (Quiroga)
17	Albergue Lug2 (Lugo)

OURENSE


18	Campamento Xuvenil Penedos de Xacinto (Entrimo)
19	Estación de montaña de Manzaneda (Manzaneda)
20	Albergue Equal (Coles)
21	Complexo O Corgo (Muíños)
22	Albergue municipal de Vilarinho de Conso
23	Residencia de Tempo Libre do Carballiño
24	Albergue municipal de Bande
25	Albergue A Fábrica da Luz (Parada de Sil)
26	Albergue Xuvenil de Abeleda (Xunqueira de Ambia)
27	Albergue Xuvenil Terras de Trevinca (A Veiga)

NOVO


NOVO

PONTEVEDRA

28	Albergue Xuvenil As Sinas (Vilanova de Arousa)
29	Campamento Xuvenil Pontemarl (Forcarei)
30	Campamento Xuvenil A Illa de Ons (Bueu)
31	Albergue Municipal Vicente Agulló (Lalín)
32	Concello de Mondariz-Balneario
33	Granxa Escola El Kiriko (Fornelos de Montes)
34	Granxa Escola-Albergue Tomiño (Tomiño)
35	Residencia de Tempo Libre de Panxón (Nigrán)
36	FervenzAventura (Silleda)



PRAZAS RESERVADAS PARA INCLUSIÓN



A CORUÑA

1	Albergue Xuvenil Mariña Española (Sada)
2	Albergue Xuvenil Gandarío (Bergondo)
3	Campamento Xuvenil Espiñeira (Boiro)

LUGO

4	Campamento Xuvenil Os Chacotes (Palas de Rei)
---	---

PONTEVEDRA

5	Albergue Xuvenil As Sinas (Vilanova de Arousa)
6	Campamento Xuvenil Pontemarl (Forcarei)

A CORUÑA

ALBERGUE XUVENIL MARIÑA ESPAÑOLA (SADA)

AVENTURA NAS MARIÑAS

ACTIVIDADES XERAIS: busca de tesouro, aula da natureza, ruta ambiental, BTT, volei pé, kin-ball, goalball e boccia, videoclip, xogos tradicionais, xincanas, diverciencia, divercociña, xeocaptura, tirolesa e cinta de equilibrio, tiro con arco, escalada e taller de relaxación.

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Aventura nas Mariñas	01-08/07	11-12-13	148 €	150001
	11-18/07	11-12-13	148 €	150002
	21-28/07	11-12-13	148 €	150003
	01-08/08	11-12-13	148 €	150004
	11-18/08	11-12-13	148 €	150005
	21-28/08	11-12-13	148 €	150006

ALBERGUE XUVENIL DE GANDARÍO (BERGONDO)



ACTIVIDADES NO MAR

ACTIVIDADES XERAIS: vela, TDV táboa, canoa, paddle surf, esquí acuático sobre táboa, aula TIC mariña e xogos deportivos.

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Actividades no mar	01-10/07	07-08-09	193,30 €	150007
	15-24/07	05-06-07	193,30 €	150008
	29/07-07/08	04-05-06-07	193,30 €	150009
	12-21/08	08-09-10	193,30 €	150010
	26/08-04/09	07-08-09-10	193,30 €	150011

CREANDO O MEU VIDEOXOGO

ACTIVIDADES XERAIS: Achegamento ao desenvolvemento de videoxogos e á Intelixencia Artificial en imaxe 3D, usando o motor de videoxogos Unreal Engine. As persoas participantes poderán crear nesta contorna un videoxogo definindo a interfaz gráfica, as personaxes, a mecánica do xogo e facer uso da Intelixencia Artificial para obter comportamentos que se asemellen á realidade.

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Creando o meu videoxogo	31/08-07/09	08-09-10	148 €	150012

A VISTA DE PAXARO. PRIMEIROS PASOS CON DRONS

ACTIVIDADES XERAIS: Achegamento aos fundamentos que permiten a creación, control e voo dun dron. Os participantes terán a opción de construír o seu propio dron e de aprender os elementos básicos do seu funcionamento e, ao final do campamento, realizar unha xincana de competición coas súas creacións.

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
A vista de paxaro. Primeiros pasos con drons	31/08-07/09	08-09-10	148 €	150013

ADESTRANDO O MEU ROBOT

ACTIVIDADES XERAIS: Achegamento aos principios tecnolóxicos que son necesarios para construción, funcionamento e mellora no control de robots sinxelos, mediante o emprego de ferramentas informáticas e traballo en equipo, superando pequenas probas ou retos coa aplicación dos coñecementos aprendidos.

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Adestrando o meu robot	31/08-07/09	08-09-10	148 €	150014

CAMPAMENTO XUVENIL FURELOS (MELIDE)

NATUREZA NO CAMIÑO

ACTIVIDADES XERAIS: campamento de aventura para fomentar o coñecemento e o respecto polo medio natural e polos animais con roteiros, xogos populares e ambientais, xincanas, tiro con arco, paseo a cabalo, rastrexos, obradoiros de reciclaxe e piscina.

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Natureza no camiño	01-10/07	08-09	146,70 €	150015
	15-24/07	04-05-06	146,70 €	150016
	29/07-07/08	07-08	146,70 €	150017
	12-21/08	08-09	146,70 €	150018
	26/08-04/09	04-05-06	146,70 €	150019

CAMPAMENTO XUVENIL VIRXE DE LORETO (PORTO DO SON)



NATUREZA XUNTO AO MAR

ACTIVIDADES XERAIS: caiac, escalada, raid-escalada, surf, bodyboard, caiac surf, bicicleta de montaña, tirolesa, tiro con arco, slack-line, monopatín longo, natureza mariña/biomegullo, paddleBoard, skimboard, cometas, rappel, orientación, bivaque e primeiros auxilios e inmersión no Son.

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Natureza xunto ao mar	01-10/07	07-08	172,50 €	150020
	15-24/07	07-08	172,50 €	150021
	29/07-07/08	04-05-06-07	172,50 €	150022
	12-21/08	04-05-06-07	172,50 €	150023

CAMPAMENTO XUVENIL ESPÍÑEIRA (BOIRO)



CANDILEXAS

ACTIVIDADES XERAIS: teatro, circo, caracterización, danza, maxia, percusión, deportes acrobáticos, xogos con láser, tiro con arco, excursións e grandes xogos.

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Candilexas	01-10/07	10-11	146,70 €	150024
	15-24/07	10-11	146,70 €	150025
	29/07-07/08	10-11	146,70 €	150026
	12-21/08	04-05-06-07	146,70 €	150027

ESCOLA DE AGRICULTURA ECOLÓXICA VILASANTAR (VILASANTAR)

SABOREA A VIDA DO RURAL

